

# Novela de xadrez



Irmás Cartoné, 2018

Título orixinal: *Schachnovelle*

Tradución: Patricia Buján Otero e Saleta Fernández Fernández

Ilustración de cuberta: Carlos Valdés

Deseño e maquetación: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-945411-9-3

Dep. Legal: C 1194-2018



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa do autor, as tradutoras e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.





STEFAN ZWEIG

# Novela de xadrez

*Tradución de Patricia Buxán  
e Saleta Fernández*





No gran vapor que partía á medianoite de Nova York rumbo Bos Aires reinaban o trafego e a axitación habituais dos últimos momentos. Os acompañantes amoreábanse para se poder despedir das súas amizades no barco; mensaxeiros coa boina de medio lado voceaban nomes polos salóns na procura dos destinatarios dos seus telegramas; maletas e flores ían de aquí para acolá; cativos curiosos subían e baixaban as escaleiras; e, namentres, a orquestra, impasible, poñíalle sintonía a este espectáculo de cuberta.

Achábame eu na cuberta de paseo, un pouco afastado deste barullo, conversando cun coñecido meu, cando preto de nós lampexou dúas ou tres veces con intensidade. Debían de estar entrevistando e tirándolle fotos a algún famoso xusto antes de levar áncoras. O meu amigo mirou nesa dirección e sorriu.

—Velaí ten a bordo un personaxe certamente curioso, o Czentovic. —Debinlle de pñer cara de non saber de que me falaba, porque engadiu—: Mirko Czentovic, o campión mundial de xadrez. Leva percorrida toda América de leste a oeste participando en torneos e agora diríxese á Arxentina na procura de novos triunfos.

Efectivamente, agora caía na conta deste campión tan novo e mesmo dalgunhas particularidades referentes á súa vertixinosa carreira. O meu amigo, máis atento lector de xornais ca min, puido completalas cunha ampla serie de anécdotas. Había aproximadamente un ano, Czentovic situárase de socato xunto aos máis prestixiosos mestres da arte do xadrez, como Alekhine, Capablanca, Tartakower, Lasker, Bogoljubow: desde que Rzecewski, o neno prodixio de sete anos, debutara no campionato de xadrez do ano 1922 en Nova York, ningunha outra irrupción dun completo descoñecido no exclusivo gremio dos ilustres volvera causar tal sensación. A cuestión é que, ao primeiro, as calidades intelectuais de Czentovic non parecían en absoluto prognosticarlle tan abraiante carreira. Axiña se filtrou o segredo de que, na súa vida privada, este destro xadrecista non era quen de escribir nin unha soa frase sen faltas de ortografía, fose na lingua que for, e, tal como dixeran con rancor e ironía un colega seu anoxado, «a súa incultura era en todos os eidos igualmente universal». Fillo dun barqueiro do Danubio, un sudaslavo pobre coma un rato que morrera unha noite ao lle abarloar o minúsculo bote un cargueiro de cereais, foi acollido con doce anos polo compasivo párroco daquela remota aldea. O bo do crego fixo auténticos esforzos por compensar cos labores domésticos o que o folgazán, apático e rabudo do rapaz non daba aprendido na escola da aldea, mais estes esforzos foron en balde. Aínda despois de explicadas centos de veces, Mirko miraba e remiraba as grafías, estrañado; o seu cerebro, de procesar difícil, carecía da forza necesaria incluso para as máis simples materias de estudo. Con catorce anos seguía a



## *Novela de xadrez*

facer as contas cos dedos, e de adolescente aínda lle supoñía certo esforzo ler un libro ou unha revista. Con todo, non se podía dicir que fose fungón nin revirado. Facía obediamente o que se lle pedía: ía coller auga, picaba na leña, colaboraba nos labores do campo, recollía a cocíña e executaba con firmeza —ben que cunha lentitude aborrecible— calquera servizo que se lle solicitase. Porén, o que ao bo do párroco máis o enfastiaba do atravesado do rapaz era a súa total pasividade: non facía nada que non lle dixesen, nunca facía preguntas, non xogaba cos outros rapaces e non buscaba por iniciativa propia actividade ningunha non sendo que alguén llo mandase expresamente. Ao rematar os labores domésticos, Mirko ficaba sentado no seu cuarto, ausente, co ollar baleiro coma o das ovellas a pastar no prado, sen participar o máis mínimo no que acontecía ao seu redor. Mentres no serán o crego, saboreando a súa cachimba alongada, botaba as súas tres partidiñas de rigor ao xadrez co brigada xendarme, o rapazolo de crechas louras e pesadas pálpebras encrequenábase calado ao seu carón e fitaba, aparentemente adurmiñado e indiferente, o taboleiro a cadros.

Unha noite de inverno na que os dous compañeiros de xogo andaban concentrados na partida diaria, comezou a chegar desde o camiño da aldea o son, cada vez máis forte, das campaiñas dunha zorra. Un labrego, coa boina cuberta de neve, irrompeu bruscamente no cuarto: a súa nai xacía no leito de morte e pregáballe ao crego que se apresurase para administrarlle a tempo a extrema unción. Alá o seguiu o crego sen perder un minuto. O brigada xendarme, quen aínda non rematara a cervexa, prendeu outra pipa para a marcha e dispoñíase a calzar as pesadas botas de cana alta

cando se decatou da impasibilidade coa que Mirko fitaba para o taboleiro coa partida empezada.

—Que dis? Apetéceche terminala? —díxolle en broma, coa total certeza de que o aloulado rapazote non había ter nin idea de como mover con xeito nin unha soa peza polo taboleiro.

O cativo ergueu a vista con timidez, asentiu coa cabeza e ocupou o asento do crego. Após catorce movementos, o xendarme fora vencido e tivo que admitir ademais que a súa derrota non se debera a descoido ningún nas xogadas. A segunda partida non foi diferente.

—Coma a burra de Balaam! —exclamou abraiado o crego ao chegar, e tivo que explicarlle ao brigada xendarme, menos posto en asuntos bíblicos, que xa había dous mil anos se producira un milagre semellante no que un ser mudo descubrira de súpeto a linguaxe da sabedoría. A pesar do serodio da hora, o cura non puido evitar desafiar a un duelo ao seu fámulo semianalfabeto. Tamén Mirko lle gañou a el con facilidade. Xogaba de xeito obstinado, pausado, sen vacilacións, sen erguer nin unha soa vez a súa ancha fronte do taboleiro, mais o caso é que xogaba cunha seguridade irrefutable. Nos días que seguiron, nin o brigada xendarme nin o crego foron quen de gañarlle unha partida. O párroco, que era quen mellor podía vulgar o atraso do seu pupilo en todo o demais, comezou entón a sentir verdadeira curiosidade por saber até que punto este peculiar e limitado talento resistiría un exame máis rigoroso. Despois de levar a Mirko ao barbeiro da aldea para que lle cortase as guedellas rubias e o deixase máis ou menos presentable,

foron na zorra á vila veciña, onde sabía dun café da praza principal no que se reunían apaixonados xogadores de xadrez a cuxo nivel el mesmo, por experiencia, non chegaba. Non espertou o máis mínimo asombro entre os presentes ver o crego meter no café aquel rapazolo de quince anos, de pelo roibo e bochechas coloradas, vestido cun abrigo de pel volta e cunhas pesadas botas de cana alta, quen ficou de pé nunha esquina, como fóra de lugar, coa mirada baixa, con timidez, até que o reclamaron dunha das mesas. Perdeu a primeira partida, xa que nunca lle vira ao bo do párroco facer a chamada apertura siciliana. Na segunda partida xa conseguiu quedar en táboas contra o mellor xogador. A partir da terceira e da cuarta, foinos vencendo a todos, un tras outro.

O caso é que nunha pequena vila de provincias sudeslava case nunca acontece nada emocionante, polo que non é de estrañar que a primeira aparición deste habilidoso labrego se convertese de inmediato nunha sensación para os notables alí reunidos. Acordouse por unanimidade que o rapaz-prodixio permanecese na vila até o día seguinte para poder convocar os demais membros do club de xadrez e, sobre todo, para poder dar aviso no seu castelo ao vello conde Simczic, un apaixonado deste xogo. O crego, que agora miraba para o seu pupilo cun orgullo completamente novo, mais que por riba da ledicia do descubrimento non quería faltar á súa obrigada misa do domingo, declarou estar disposto a deixar alí a Mirko para outra proba. O pequeno Mirko foi hospedado no hotel á custa do club de xadrez; esa noite viu por vez primeira un retrete.


O domingo á tarde, a sala de xadrez estaba ategada. Mirko, que permaneceu sentado, inmóbil, durante catro horas diante do taboleiro, foi batendo, sen dar unha fala nin erguer a vista, un adversario tras outro. Finalmente, propuxeron facer unha partida simultánea. Levou un bo anaco facerlle comprender ao leigo que nunha partida simultánea tería que se enfrontar el só a varios xogadores, pero así que Mirko comprendeu o funcionamento, soubo poñerse rapidamente no papel: desprazábase paseniño de mesa en mesa arrastrando as súas pesadas e ruidosas botas, e á fin gañou sete das oito partidas.

Comezaron entón grandes deliberacións. Malia que, en sentido estrito, este novo campión non era da vila, o orgullo local xa estaba vivamente aceso. Quizais puidese agora a pequena urbe, que sempre pasara practicamente desapercibida nos mapas, gozar por vez primeira do honor de enviar un home famoso ao mundo. Un axente apelidado Koller, que até entón só se encargara de procurar cupletistas e cantantes para o cabaré do cuartel, ofreceuse, a cambio do adianto das custas de todo un ano, a levar o mozo a Viena para que o instruíse profesionalmente na arte do xadrez un modesto mestre de creto que el coñecía. O conde Simczic, quen en sesenta anos de partidas diarias nunca se enfrontara a un rival tan peculiar, asinou a contía ao momento. Comezou así, con este día, a sorprendente carreira daquel fillo de barqueiro.

Pasado medio ano, Mirko xa dominaba todos os segredos da técnica do xadrez, ben que cunha estraña limitación que máis tarde habería dar pé a moitos comentarios

e burlas dentro dos círculos especializados. A cuestión é que Czentovic nunca conseguía xogar de memoria nin una soa partida ou, para usarmos a terminoloxía propia, non era quen de xogar partidas a cegas. Carecía por completo de capacidade para situar o campo de batalla no espazo ilimitado da fantasía. Precisaba ter sempre á vista o cadrado branco e negro coas súas sesenta e catro casas e as súas trinta e dúas pezas. Mesmo na súa época de fama mundial levaba en todo momento un xadrez encartable de peto; dese xeito, caso de querer reconstruír unha partida mestra ou resolver un problema, podía recrear fisicamente a posición. Este defecto, en si insignificante, revelaba falta de imaxinación e suscitaba tan afervoadas discusións entre os expertos como o faría entre os músicos un extraordinario virtuoso ou director de orquestra que non fose capaz de tocar ou dirixir sen a partitura diante. Porén, esta especial peculiaridade de Mirko non delongou en nada o seu fabuloso ascenso: con dezasete anos levaba conseguida xa unha ducia de premios, con dezaoito gañara o campionato de Hungría e con vinte anos, finalmente, o mundial. Os máis audaces campións, cada un infinitamente superior a Mirko en intelecto, fantasía e temeridade, sucumbían á súa tenaz e fría lóxica, do mesmo modo que Napoleón ao torpe Kutusow e que Aníbal a Fabio Cunctator, quen, segundo refire Livio, xa na súa infancia mostrara os mesmos trazos notables de flegma e idiotismo. E así foi o caso que na ilustre galería dos campións de xadrez, que dá acollida aos máis variados estilos de superioridade intelectual, filósofos, matemáticos, naturesas prodixiosas do cálculo, da imaxinación e a miúdo da creación, irrompeu por vez primeira un ser completamente





ESTE LIBRO  
ENTROU NO PRELO  
O 19 DE XUÑO  
DE 2018







